

Traballarán unha media de 1.200 persoas ao día, con puntas de 1.500

REPSOL DESTINA MÁIS DE 60 MILLÓNS DE EUROS Á PARADA DE MANTEMENTO DA REFINERÍA

- **A parada programada, que se inicia hoxe, centrarase na revisión de 19 unidades de Conversión, situadas en Arteixo. Tamén se realizarán 60 actuacións para implementar innovacións tecnolóxicas, melloras continuas da seguridade, eficiencia enerxética e operatividade das instalacións.**
- **Ademais do persoal propio de Repsol, haberá unha media diaria de 1.200 persoas traballando nas instalacións da refinería, con puntas de 1.500 persoas/día.**
- **O principal obxectivo de Repsol é a seguridade de todas as persoas que participan na parada e, por este motivo, creouse un equipo de coordinación específico, que está formado por máis de 100 profesionais.**
- **Os traballos de inspección, mantemento e incorporación de melloras tecnolóxicas durarán aproximadamente 45 días.**

A Refinería de Repsol na Coruña inicia hoxe a parada programada da área de Conversión, que conta cun orzamento de máis de 60 millóns de euros.

Esta revisión programada, que terá unha duración estimada de 45 días, implica unha parada temporal do funcionamento de practicamente a metade da Refinería, para proceder a tarefas de inspección, mantemento e mellora de 19 unidades, funcionando o resto das instalacións con normalidade. Levarán a cabo 60 actuacións para implementar innovacións tecnolóxicas e melloras continuas da seguridade, da operatividade das instalacións e de eficiencia enerxética, que supoñerán unha redución das emisións de máis de 15.000 toneladas/ano de CO₂.

A parada será de gran alcance, xa que ademais do persoal propio, prevese que traballen a diario máis de 1.200 profesionais, chegando en xornadas punta a 1.500 traballadores, pertencentes na súa maioría a empresas auxiliares. Repsol contratou especificamente para a parada a 49 empresas, ás que se suman as empresas con contratos xerais de servizo, estando a maior parte delas implantadas en Galicia, o que reforza o compromiso da Refinería coa súa contorna.

Para levar a cabo a parada programada realizouse unha planificación exhaustiva desde hai un ano, creando un organigrama específico que está integrado por máis de 150 profesionais pertencentes a todas as áreas da Refinería da Coruña, e no que ademais participan técnicos doutros complexos industriais de Repsol en España.

Doutra banda, tamén houbo unha detallada planificación loxística para dispoñer, entre outros, de transporte colectivo, casetas, pañoles e áreas de aparcadoiro, así como vestiarios para dar servizo ao elevado número de traballadores de empresas contratistas que diariamente accederán ás instalacións industriais.

Seguridade

O obxectivo prioritario de Repsol durante os traballos de parada é garantir a seguridade de todos os traballadores que participarán nas tarefas de inspección, mantemento e mellora. Por esta razón, a coordinación de seguridade está formada por máis de 100 persoas, entre persoal propio, técnicos e persoal de prevención de empresas de servizos; así como profesionais de tres empresas especializadas. Esta coordinación funcionará as 24 horas e encargarase de velar pola prevención e xestión de todos os aspectos de seguridade.

Todas as persoas que participan na parada teñen uns requisitos de formación en seguridade, que ademais se reforzan con cursos especializados sobre a parada e sobre os traballos que se van a realizar. En total impartíronse máis de 10.000 horas de formación específica en materia de seguridade.

Traballos de mantemento e actuacións de mellora

As unidades de Conversión permiten reprocesar fraccións de menor valor obtidas nos procesos de destilación de cru, conseguindo produtos destilados de maior calidade. A Refinería da Coruña destaca desde os anos 80 por posuír un alto índice de conversión.

Durante a parada efectuaranse as inspeccións oficiais, o mantemento das unidades e a incorporación das mellores técnicas dispoñibles. Das 19 unidades, catro estarán en parada puntual e as quince restantes, en parada xeral, realizándose intervencións en 758 equipos e inspección en máis de 1.800 liñas (tubaxes).

Os proxectos máis importantes que levarán a cabo son tres:

- **Intervención e melloras na Unidade de Coque.** As actuacións están destinadas, por unha banda, á substitución de grandes pezas das cámaras de coque, montaxe de novos circuitos, reentubado do forno e instalación dun novo precalentador; e doutra banda, modificacións de enxeñería nos equipos para obter melloras operativas de rendemento, seguridade de proceso e eficiencia enerxética.
Esta unidade é o corazón da Refinería, cunha capacidade de 1.080.000 toneladas/ano. Transforma residuos de procesos anteriores, producindo coque e destilados (gasoil, nafta, gases) que se empregan na fabricación de gasolinas, gasoil, e como diluentes de fuel oíl.

- **Renovación do facho.** O facho de Conversión, cunha altura superior aos 100 metros, vai ser outra das protagonistas da parada co mantemento e renovación non só da súa queimador, senón tamén do seu fuste e da súa liña principal. O sistema de facho é imprescindible para a seguridade e protección ambiental.
- **Cambio tecnolóxico de consolas a sistema Orión.** Os paneis da sala de control de Conversión, que permiten ao persoal de Repsol manexar os procesos de forma dixital desde consolas con software e hardware propios, van renovar tecnoloxicamente, obtendo mellor eficacia operativa, maior seguridade, integración e homoxeneidade de panel.

Paradas

As paradas están programadas e réxense por un calendario plurianual. Vanse repetindo de forma periódica para a revisión, mantemento e mellora das unidades e denomínanse “paradas de mantemento” porque non é factible realizalas coas unidades en servizo, razón pola que é necesario paralas para poder acometer os traballos programados; levándose a cabo en distintas etapas (proceso de parada da unidade, revisión programada e, finalmente, posta en marcha novamente das unidades).

Tanto nos primeiros días, na fase de parada das unidades como na fase final de posta en marcha, os procedementos operativos requirirán do envío controlado e puntual aos fachos de excedentes de elementos gasosos propios do proceso para a súa combustión. Por esta razón, en determinados momentos os fachos poderán ter unhas dimensións maiores das habituais, unha circunstancia normal nestas fases do proceso, que se realizan de forma totalmente controlada e segura.

Despois dunha parada destas características, estas unidades recuperan as súas condicións orixinais para operar, de acordo cos máis altos estándares de seguridade, realizándose coa maior optimización posible en tempo e custos.